

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.  
Dna. Raquel Caruncho Corral.  
D. José Simoes Couceiro.  
Dna. Yolanda Vázquez Busto.  
Dna. Marta Pico Machado.  
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.  
D. Andrés Pérez Pérez.  
Dna. Ana María Veira García.  
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e nove minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Non asiste:

Dna. Silvia Fornos Permuy.  
D. Francisco Javier Crespo Romeo.  
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

##### Secretaria:

D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos

##### Interventora

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.**

- ORDINARIA DE 29.11.2017.
- EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 19.12.2017
- EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 28.12.2017

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“ PROPOSTA DE ACORDO**

**(Expediente 2017/G006/000246)**



**LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES:**

**SESIÓN ORDINARIA DE 29.11.2017.**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 19.12.2017**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 28.12.2017**

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:*

*Ordinaria de 29.11.2017.*

*Extraordinaria e Urxente de 19.12.2017.*

*Extraordinaria e Urxente de 28.12.2017.*

*Detectado un erro de transcripción no borrador da acta da sesión extraordinaria e urxente de 28.12.2017 no que, no acordo adoptado no punto 4 da Orde do Día, relativo á "Rectificación do Inventario de Bens Municipal", non se ten recollido o sentido do voto das concelleiras e concelleiros presentes, téndose adoptado aquel por UNANIMIDADE.*

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

**PRIMEIRO.** *Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

*Ordinaria de 29.11.2017.*

*Extraordinaria e urxente de 19.12.2017.*

*Extraordinaria e Urxente de 28.12.2017, coa conformidade da inclusión do termo UNANIMIDADE do acordo adoptado no punto 4.- "Rectificación do Inventario de Bens Municipal".*

**SEGUNDO.-** *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

*Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontevedra, a luns 22 de xaneiro de 2017."*

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto dos borradores das actas das sesións que se someten a aprobación.

Toma a palabra Dña. Ascensión de Vicente Olarte, exercendo a portavocía do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), para indicar que, no borrador da acta da sesión extraordinaria e urxente de 28.12.2017 botan en falta a intervención do Sr. Secretario Accidental, que non aparece por ningún lado reflexado e manifestan que lles gustaría que constara.

Concluídas as intervencións, sométense os borradores das actas a aprobación, por separado, por non teren estado os mesmos membros presentes en cada unha das sesións,

**- Ordinaria de 29.11.2017.**

Queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/las membros presentes o **ACORDO** seguinte:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- *Ordinaria de 29.11.2017.*

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- **Extraordinaria e Urgente de 19.12.2017.**

Queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/las membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente s sesión:

Extraordinaria e urgente de 19.12.2017

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

- **Extraordinaria e Urgente de 28.12.2017**

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 7 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, , Dna. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire e **3 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP (2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, e de Dna. Marta Pico Machado, esta última por non ter estado presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación.

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Extraordinaria e Urgente de 28.12.2017, coa conformidade da inclusión do termo UNANIMIDADE do acordo adoptado no punto 4.- "Rectificación do Inventario de Bens Municipal".

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

### **2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PREVENTIVA PERMANENTE REVISABLE**

A Presidencia da a palabra a Dna. Ascensión de Vicente Olarte, que exerce a portavocía do Grupo Municipal do PP, quen da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

#### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*La Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal, que entró en vigor el 1 de julio de 2015, introdujo en nuestra legislación la prisión permanente revisable.*



*Se trata de un instrumento que existe en muchos países de nuestro entorno, en gobiernos de todo tipo de corte político; es una institución coherente, que se incorpora bien a nuestro modelo de garantías y tiene perfecto encaje penal.*

*La prisión permanente revisable, lo señala claramente la Exposición de Motivos de esta Ley, no renuncia a la reinserción del penado, pues una vez cumplida una parte mínima de la condena, "un Tribunal deberá valorar nuevamente las circunstancias del penado y del delito cometido y podrá revisar su situación personal".*

*La previsión de esta revisión judicial periódica de la situación personal del penado, idónea para poder verificar en cada caso el necesario pronóstico favorable de reinserción social, dice la Exposición de Motivos, "aleja toda duda de inhumanidad de esta pena, al garantizar un horizonte de libertad para el condenado". Una vez cumplido el tiempo mínimo de la pena, "si el Tribunal considera que no concurren los requisitos necesarios para que el penado pueda recuperar la libertad, se fijará un plazo para llevar a cabo una nueva revisión de su situación; y si, por el contrario, el Tribunal valora que cumple los requisitos necesarios para quedar en libertad, se establecerá un plazo de libertad condicional en el que se impondrán condiciones y medidas de control orientadas tanto a garantizar la seguridad de la sociedad, como a asistir al penado en esta fase final de su reinserción social".*

*Añade la Exposición de Motivos que "la pena de prisión permanente revisable no constituye, por ello, una suerte de «pena definitiva» en la que el Estado se desentiende del penado. Al contrario, se trata de una institución que compatibiliza la existencia de una respuesta penal ajustada a la gravedad de la culpabilidad, con la finalidad de reeducación a la que debe ser orientada la ejecución de las penas de prisión".*

*Igualmente señala que "se trata, en realidad, de un modelo extendido en el Derecho comparado europeo que el Tribunal Europeo de Derechos Humanos ha considerado ajustado a la Convención Europea de Derechos Humanos, pues ha declarado que cuando la ley nacional ofrece la posibilidad de revisión de la condena de duración indeterminada con vistas a su conmutación, remisión, terminación o libertad condicional del penado, esto es suficiente para dar satisfacción al artículo 3 del Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemania; 13-11-2014, caso Affaire Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".*

*Pese a todo ello, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidad, recurso que el Tribunal Constitucional admitió a trámite en julio de 2015. La admisión a trámite no supone pronunciamiento alguno sobre el fondo del asunto, si bien algunos pretenden la derogación de esta medida sin esperar el pronunciamiento del Tribunal Constitucional.*

*Así, el 4 de octubre de 2016 el Pleno del Congreso de los Diputados debatió y aprobó por mayoría de los Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto y la abstención de Ciudadanos, y solo con el voto en contra del Grupo Parlamentario Popular, la Proposición no de Ley para la Derogación de la Pena de Prisión Permanente Revisable.*

*Y más recientemente, el pasado 10 de noviembre, ha sido admitida a trámite una Proposición de Ley de Modificación de la L.O. 10/1995 del Código Penal (Orgánica), que pretende derogar la prisión permanente revisable y que contó con el único voto en contra del Grupo Popular.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tras estos hechos y actuaciones, son multitud los ciudadanos que han manifestado su apoyo a la pena de prisión permanente revisable como medio para garantizar la seguridad, los derechos y libertades de todos los españoles.

Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta la siguiente

### MOCIÓN:

El Ayuntamiento manifiesta:

**PRIMERO.-** Su apoyo a la figura de la prisión permanente revisable incorporada al ordenamiento jurídico español por la Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal.

**SEGUNDO.-** Instar a los diferentes Grupos Parlamentarios con representación en el Congreso de los Diputados a que reconsideren su postura sobre la derogación de la prisión permanente revisable.

**TERCERO.-** Dar traslado de estos acuerdos al Ministro de Justicia, a los Grupos Políticos del Congreso, Senado y de las Cortes/Parlamento y a la Junta de Gobierno de la FEMP.”

Concluída a lectura, D. Bernardo Fernández Piñeiro abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a señora portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, Dna. Ana Veira García, quen se remite aos distintos parágrafos da exposición de motivos nos que se fai referencia ás propostas de derogación da pena de prisión permanente revisable e ás posturas de distintos sectores (xurídicos, catedráticos, xuíces para a democracia...) a favor da dita derogación, e anuncia o voto en contra do seu grupo. Cualifica de “populismo” o asunto, dada coxuntura que se está a dar, coa mediatización dunha determinada situación, que ocupa as primeiras páxinas dos xornais. Conclúe a súa intervención manifestando a postura contraria do seu grupo á lei á que fai referencia a moción.

De seguido, intervén D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, quen se manifesta na mesma liña que a intervención anterior, facendo referencia á votación no Congreso e indicando que a lei non convence a ninguén, considerando que contravén a Constitución e que por tanto, non garante un sistema xurídico fiable. Manifiesta o voto en contra do seu grupo.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte apunta que a lei se aprobou no ano 2015 e que por tanto, non é un asunto actual, en relación á intervención da portavoz do BNG-AA. Sobre a constitucionalidade da lei, indica que o Tribunal Constitucional non se ten pronunciado.

Pecha o debate o Sr. Presidente quen fai referencia á situación actual, que cualifica de “shock”. Sobre o fondo do asunto, considera que este tipo de medidas non inciden nin na reeducación nin na redución dos delitos nin tampouco da criminalidade, poñendo como exemplo do anterior o sistema estadounidense.

Concluídas as intervencións, sométese a PROPOSTA a votación, **NON ADOPTÁNDOSE** o **ACORDO** por **8 votos en contra** dos/as concelleiros do Grupo Municipal do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D.



José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado, e do BNG-AA (2):Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **2 votos a favor** da concelleira e do concelleiro do Grupo Municipal do PP: Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez.

### **3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS PARA INSTAR AO CONCELLO DE PONTEDEUME A APOIAR E SUMARSE ÁS ACTIVIDADES DE CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA REVOLTA POPULAR MARZO 1918.**

A Presidencia da a palabra á portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, quen da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*No mes de Marzo de 1918 aconteceu en toda a comarca de Ferrolterra unha Revolta Popular, (coñecida como Revolta das Pedradas) motivada pola escaseza dos produtos de subsistencia, a carestía de vida, e liderada polas mulleres das clases populares da comarca.*

*Estamos no principio dun século XX que vén marcado pola Primeira Guerra Mundial, a aparición do nacionalismo organizado (Irmandades da Fala), a mobilización agraria, e a influencia da revolución Rusa maioritariamente na clase obreira . No contexto bélico, o estado Español favorece o negocio de vender trigo e outras materias primas aos países en conflito, pero desabastecendo os mercados internos. Estes feitos fan que proliferen os acaparadores que intentan sacar uns beneficios abusivos polas mercadorías que venden, moitas destas de primeira necesidade coma o pan, o carbón, o aceite ou a cera. Desde o goberno do estado en vez de combater esta situación lesiva co pobo o que se fai é agravala ao impor ás deputacións e aos concellos a recadación do impostos de consumos. Impostos moi gravosos e que ademais se reparten de maneira discriminatoria.*

*Neste contexto e nesta dinámica a faísca da protesta prenda nas principais localidades da comarca e arredores.*

*As protestas que comezan en Xuvia o 8 de Marzo contra a carestía da vida sáldanse con varias persoas feridas de bala, co cal decídese entre as clases populares lideradas por comisións de mulleres parar a subministración de alimentos a Ferrol. As medidas de protesta sucédense nos diferentes días con manifestacións de mulleres , paros nas fabricas, estaleiros e arsenal, peche de comercios, protestas contra comercios de acaparadores, concentracións fronte as casas das familias adañeiradas e alcaldes, ou o asaltos de trens con mercadorías. Estes episodios vanse repetindo polos diferentes concellos da comarca tendo gran intensidade en Neda, Ferrol, Fene e Narón, pero con ecos que chegan a puntos distantes da comarca coma Pontedeume, ou Valdoviño.*

*A resposta a esta revolta popular é unha brutal represión que inclúe , o acuartelamento de tropas, o seu despregamento por diferentes zonas de Ferrol e comarca, o corte e censura das*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*comunicacións co exterior, o decreto do estado de guerra, e unha resposta armada contra a poboación nas rúas que se salda con cando menos 2 mortos en Ferrol, 7 en Narón, e centos de feridos e detidos dos diferentes concellos da comarca (Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, Fene, etc.)*

*O BNG considera que estes acontecementos, que deixaron unha fonda pegada nas xentes da zona, non son hoxe todo o coñecidos e recoñecidos que deberan. En ningunha outra zona do país se manifestaron con tanta crueza os conflitos sociais desta época convulsa, e así pode confirmarse pola extensa información que deles se daba na prensa da época malia a feroz censura que se aplicou. Por iso, cremos que a recuperación deste capítulo da nosa historia e a homenaxe ás vítimas que perderon a vida naqueles sucesos teñen que ter non só o apoio social, senón tamén a implicación institucional necesaria para que a memoria histórica do pobo non caia no esquecemento e as xeracións presentes e futuras deste concello coñezan os episodios máis importantes da terra que habitan.*

*Co fin de recuperar e por en valor este episodio da historia naceu a **Comisión Revolta Popular Marzo 1918** na que se integran en pe de igualdade diferentes colectivos organizados tanto culturais, sociais ou veciñais de diferentes concellos da comarca. E que contan co apoio de diferentes colectivos galegos organizados de historia, e de Memoria histórica. Esta Comisión esta aberta a participación de calquera outra organización ou persoa interesada, e ten como finalidade impulsar diferentes actividades que sirvan para tirar do esquecemento estas datas ao tempo que render unha homenaxe ás vítimas daqueles tráxicos sucesos que conmocionaron á sociedade do seu tempo.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG-AA solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

### **ACORDO:**

- 1. Instar ao Goberno local de Ponte deume a colaborar activamente na organización dos actos que a comisión acorde, comprometéndose a difundilos entre a poboación para que estes sucesos sexan coñecidos pola poboación do concello.***

Concluída a lectura, D. Bernardo Fernández Piñeiro abre a quenda para o debate.

Dña. Ana Veira García indica o seu descoñecemento sobre este feito histórico, o que considera unha consecuencia de que os distintos gobernos se dedicaran a ocultar a historia á cidadanía. Dito isto di que, se ben en Ponte deume non foron tan graves os sucesos, considera que si se



debe de coñecer en aras a poder ter claro cal é a historia que se oculta e que por tanto, se debería ter contacto coa "Comisión" para estender o coñecemento deste feito á cidadanía local.

De seguido, toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte quen fai referencia aos distintos acontecementos que se veñen sucedendo en España dende uns anos antes a 1918 que, xunto ao estalido da I Guerra Mundial e á revolución rusa de 1917, desembocaron no estalido galego de 1918 e que deu lugar ao que os Historiadores chamaron a Revolución do Pan. Indica que foron o desabastecemento, os beneficios abusivos e o abuso de poder os detonantes da "Revolta das Pedradas" e que son as mulleres, nunha sociedade matriarcal, as que lideran a protesta, coa forza que da a necesidade. Considera moi importante o que di o BNG na moción, ao respecto da necesidade de recuperar capítulos da historia e que se coñezan os episodios, sendo necesario coñecer a historia para non repetila e aprender dela. Dito isto, indica que discrepan no punto do acordo, xa que se insta ao concello a colaborar nos actos que a comisión acorde, entendendo que a axenda dos actos xa está pechada por se teren xa organizado actos nas localidades nos que tiveron lugar os sucesos máis significativos desta revolta, como en Neda, Fene e Valdoviño, así como en Narón, foco central da proposta, onde esta mesma moción se levou en marzo de 2017, téndose aprobado naquela data e co tempo suficiente para poder organizar e constituír a comisión e poder planificar os distintos actos. Por isto, consideran que esta moción se presenta demasiado tarde, o que implica que non se poda colaborar cos actos xa planificados, desvirtuando así a intención da moción. Dito isto, e en relación á explicación que ven de dar Ana Veira, que entende vai polo camiño de intentar organizar e transmitir en Pontedeume os feitos, pide modificar o acordo nese sentido xa que se non, o voto do seu grupo será a abstención.

Dende a Presidencia o Sr. Fernández Piñeiro súmase á proposta da concelleira do Partido Popular, propoñendo que o acordo se modifique no sentido de que, ademais de instar ao Concello a apoiar e sumarse ás actividades, que se recolla "coa programación de actividades no noso Concello"

Dende o Grupo popoñente aceptase a modificación do acordo, que quedaría redactado como segue.

**"1. Instar ao Goberno local de Pontedeume a apoiar e sumarse ás actividades de celebración do centenario da Revolta Popular de Marzo de 1918 coa programación de actividades no noso Concello, comprometéndose a difundilos entre a poboación para que estes sucesos sexan coñecidos pola poboación do concello."**

Pecha o debate o Sr. Simoes Couceiro dando conta da súa asistencia ao acto organizado no Concello de Neda.

Concluídas as intervencións, sométese a **PROPOSTA EMENDADA** a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**1. Instar ao Goberno local de Pontedeume a apoiar e sumarse ás actividades de celebración do centenario da Revolta Popular de Marzo de 1918 coa programación de actividades no noso Concello, comprometéndose a difundilos entre a poboación para que estes sucesos sexan coñecidos pola poboación do concello.**

**4.- DAR CONTA DA SINATURA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"DAR CONTA DA SINATURA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.***



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente: 2018/G006/000003 )

Dáse conta da sinatura da Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellaría de Economía, a Deputación de A Coruña e o Concello de Ponte deume, para a Reforma e ampliación do Mercado Municipal, documento que acompaña ao oficio da Dirección Xeral de Comercio e Consumo con rexistro de entrada nº 119 de 10.01.2018.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deumea luns 22 de xaneiro de 2018.”

Os e as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

### 6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“ **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.**

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/01/2018

**Expediente: 2018/G006/000005**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **722.2017** de 24 de novembro, a **15.2018** de 22 de xaneiro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Descrición do Decreto	Nº Decreto	Data Sinatura
RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 716/2017 DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLON A CASQUEIRA (POS+ 2017)- EXPTE 2017/C003/000004	00722/2017	24/11/2017
CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29.11.2017	00723/2017	24/11/2017



RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA EXPEDIENTES SANCIONADORES TRÁFICO (OLMOS***)	00724/2017	28/11/2017
RESOLUCIÓN INICIO PROCEDIMIENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO (CALVO***-VARELA***)	00725/2017	28/11/2017
CONTRATAÇÃO DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES DE CONDUCCIÓN XERAL EN CABRÍA (PAS 2015) Expte. 2017/C002/000010	00726/2017	28/11/2017
INICIO PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA (POS ADICIONAL 2016). EXPTE 2017/C003/000005	00727/2017	28/11/2017
RESOLUCIÓN DE INCIDENCIAS NÓMINA MES DE NOVIEMBRE DE 2017	00728/2017	28/11/2017
APROBACIÓN NÓMINA NOVIEMBRE DE 2017	00729/2017	28/11/2017
CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29.11.2017	00730/2017	28/11/2017
010/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. ALFONSO CABRERO VALIENTE	00731/2017	29/11/2017
ARROBACIÓN DO PADRÓN DE SUBMINISTRO DE AUGA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2017	00734/2017	29/11/2017
APROBACIÓN CERTIFICACIONES Nº: 9, 10, 11, 12, 13, 14 E 15 DA OBRA -REHABILITACION E AMPLIACION DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME-. EXPTE.Nº 2016/C003/000001.	00732/2017	29/11/2017
XUSTIFICACION DA ANUALIDADE 2017 DO CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME	00733/2017	29/11/2017
EXPEDIENTE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA CLUB NÁUTICO FIRRETE	00735/2017	29/11/2017
PAGO DO 90% SUBVENCIÓN NOMINATIVA CLUB NÁUTICO FIRRETE	00736/2017	30/11/2017
APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS PARA OBRA REPARACIÓN ENTORNO ESCOLA UNITARIA DE OMBRE - EXPTE 2017/C002/000019	00737/2017	01/12/2017
CONTRATAÇÃO 2 ALBANEIS (APROLRURAL)	00738/2017	05/12/2017

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PAGO DO 10% SUBVENCION NOMINATIVA COMISIÓN FESTA AS PERAS.-	00739/2017	05/12/2017
Consignación costas procedemento PO 859/2014 (INEGA)	00740/2017	05/12/2017
MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 026/2017, SUBEXPT E XC 16.-	00741/2017	05/12/2017
ABONO ATRASOS PENDENTES LPGE 2017 A GARABANA GARCÍA, J.ANTONIO; REY FACHAL, NICOLÁS; MARCOS GÓMEZ, PEDRO.	00742/2017	05/12/2017
SOLICITUDE DE BAIXA TAXA LIXO PRESENTADA POR DONA Mª CELIA GARCÍA ALVARIÑO, EN REPRESENTACIÓN DE DON PRIMITIVO MARTINEZ RODRÍGUEZ	00743/2017	05/12/2017
DEVOLUCIÓN DE AVAL A FECA NEON S.L. POR OBRAS DE MELLORA DAS VÍAS DE ACCESO DO POLÍGONO DE VIDREIRO, PONTEDEUME	00744/2017	05/12/2017
CURSO FORMACIÓN MONITORADO DE TEMPO LIBRE	00745/2017	05/12/2017
APROBACIÓN E PAGO FACTURA SUBVENCION EQUIPAMENTO ESCOLA INFANTIL.-	00746/2017	05/12/2017
EXPEDIENTE DE ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00747/2017	05/12/2017
EMPRAZAMENTO E DESIGNACIÓN DE DEFENSA LETRADA PARA O PROCEDEMENTO PO 807/2017 DE MARÍA BERRUEZO CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME, DO XULGADO DO SOCIAL Nº1 DE FERROL.	00748/2017	05/12/2017
NOMEAMENTO DE TRIBUNAL PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SUBVENCIÓN FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)	00749/2017	05/12/2017
Xustificación do equipamento da Escola Infantil Chale Rosa 2017.	00750/2017	05/12/2017
XUSTIFICACIÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS. AXUDA DEPUTACIÓN 2.017	00751/2017	07/12/2017
NOMEAMENTO DE DON JUAN COIRA POCIÑA COMO TÉCNICO DE TURISMO.	00752/2017	07/12/2017



DECRETO RECTIFICATIVO DO DECRETO 749.2017 DE 05.12 DE NOMEAMENTO DE TRIBUNAL PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TERMPORAL. SUBVENCIÓN FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL(APROL RURAL)	00753/2017	07/12/2017
APROBACION PROYECTO OBRA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL	00754/2017	12/12/2017
APROBACIÓN E PAGO FACTURAS F/2017/18.-	00755/2017	12/12/2017
RESOLUCIÓN EXPEDIENTE RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME	00756/2017	12/12/2017
APROBACION CERTIFICACION Nº 4 E ACTA RECEPCION DEFINITIVA DA OBRA -PROXECTO DE PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE.-	00758/2017	13/12/2017
ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLÓN A CASQUEIRA (POS+ 2017)-EXPTTE 2017/C003/0000004	00757/2017	13/12/2017
LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00759/2017	13/12/2017
RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA (SANTALLA ***)	00760/2017	13/12/2017
LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00761/2017	13/12/2017
RESOLUCIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO (ALD***-VÁZQUEZ***)	00762/2017	13/12/2017
RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA (ALUMADE***)	00763/2017	13/12/2017
CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00764/2017	13/12/2017
AUTORIZACIÓN PARA ASISTENCIA A FORMACIÓN A DONA LUCÍA VARELA MARTÍNEZ E NOMEAMENTO COMO INTERVENTOR ACCIDENTAL A DON JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ PARA A XORNADA DO 14 DE DECEMBRO	00765/2017	13/12/2017

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CONTRATACIÓN ALBANEIS MEDIANTE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).	00766/2017	13/12/2017
CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15.12.2017	00768/2017	13/12/2017
AUTORIZACIÓN CAMBIO DE VEHÍCULO AUTOTAXI LICENZA MUNICIPAL Nº9. TITULAR: D. JUÁN GUILLERMO TRIGO SHNEIDER.	00767/2017	13/12/2017
ANULACIÓN NOMEAMENTO LUIS SANDE COMO INTERVENTOR	00769/2017	14/12/2017
DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL O 30.12.2017 EN DNA. YOLANDA VÁZQUEZ BUSTO	00770/2017	15/12/2017
CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 19.12.2017	00771/2017	15/12/2017
GASTOS POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN SELECCIONADORA DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO INTEGRADA POR PERSOAL SUSCEPTIBLE DE SER CONTRATADO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA UNHA PRAZA DE PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN "TORREÓN DOS ANDRADE", NESTE CONCELLO DE PONTEDEUME.	00773/2017	19/12/2017
AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00772/2017	19/12/2017
MODELO 111 IRPF, NOVENBRO 2017	00774/2017	19/12/2017
RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 747/2017 DO 05/12/2017 DE ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00777/2017	19/12/2017
CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN BER (PMA 2016) Expte. 2017/C002/000021	00775/2017	19/12/2017
CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES DE CONDUCCIÓN XERAL EN CABRÍA (PAS 2015) Expte. 2017/C002/000022	00776/2017	19/12/2017



RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 47/2017 DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015)- EXPTE 2016/C002/000016	00778/2017	19/12/2017
INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES DECEMBRO 2017.	00779/2017	19/12/2017
RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA NÓMINA DE DECEMBRO 2017	00780/2017	19/12/2017
CONTRATACIÓND O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME NO RELATIVO AO SOLO DE NÚCLEO RURAL	00781/2017	22/12/2017
